



Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia e a Escola de Tempo Libre Don Bosco para a desenvolvemento do proxecto Xacobeando, equipos de voluntariado en áreas de alta prioridade do Corpo Europeo de Solidaridade

No lugar e na data da sinatura dixital

REÚNENSE

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, para o que foi nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución do 8 de abril de 1991; e de conformidade co establecido no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica de Xunta de Galicia e no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

E doutra, don Xesús María Vilas Otero, director do centro da Escola de Tempo Libre Don Bosco, que intervén neste acto por conta e en representación da asociación, segundo o seu apoderamento elevado a escritura pública perante o notario de Santiago de Compostela, Francisco López Moledo, o 4 de xaneiro de 2019, co número 32 do seu protocolo, tendo a Escola o seu domicilio na rúa Belvís, número 2, código postal 15703, Santiago de Compostela, e con número de identificación fiscal NIFG15229057.



Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e que mutuamente se recoñecen.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Segundo.- Que a Escola de Tempo Libre Don Bosco sita en Santiago de Compostela é unha entidade sen ánimo de lucro de natureza asociativa inscrita no Rexistro Central de Asociacións con número 2018/021980-1ª e inscrita no rexistro de Escolas de Tempo Libre da Xunta de Galicia número G-4 e no rexistro de Acción Voluntaria de Galicia O-6.

Desenvolve a súa actividade desde 1985, cunha ampla experiencia en programas de intervención desde o ámbito da educación non formal e do tempo libre, en especial os proxectos de integración da infancia e mocidade en risco de exclusión social, destacando as seguintes actividades:

- Formación e promoción laboral dos diferentes axentes que interveñen nos procesos de educación non formal nos programas de tempo libre educativo e de intervención sociocomunitaria.





- Promoción do voluntariado: punto de información, formación e asesoramento do voluntariado e entidade de apoio para acollida e envío do voluntariado do Corpo Europeo de Solidariedade.

Terceiro.- Que a Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, sinala no artigo 7 que constituirán obxectivos prioritarios da planificación xeral dos programas relacionados coa educación o apoio da educación non formal da xuventude como complemento da educación regrada, co obxecto de contribuír á aprendizaxe permanente.

Así mesmo, no artigo 13 recolle que a Xunta de Galicia, na configuración de políticas transversais de xuventude, potenciará o voluntariado entre a xente nova, adaptado os seus obxectivos prioritarios e medidas ás recomendacións da Unión Europea nesta materia.

Cuarto.- Que, de conformidade co Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica de Xunta de Galicia; o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia; e o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, correspóndelle a dito órgano superior da Xunta de Galicia propoñer e executar políticas de xuventude e voluntariado, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, que asume o exercicio das ditas competencias e funcións.

Quinto.- Que Xacobeando é un proxecto presentado pola agora Consellería de Política Social e Xuventude á convocatoria centralizada da Comisión Europea publicada o 27 de xullo de 2021 para proxectos de voluntariado en equipo e en áreas de alta prioridade ESC-SOLID-2021-VTHPA. O proxecto foi aprobado con data 2 de marzo 2022 pola Axencia Executiva Europea de Educación e Cultura da Comisión Europea responsable da execución das accións centralizadas do Corpo Europeo de





Solidariedade, programa que como iniciativa da Unión Europea ofrece oportunidades de participación aos mozos de entre 18 e 30 anos para levar a cabo un servizo de voluntariado ou para a participación en proxectos no sector da solidariedade no seu propio país, país da Unión Europea o fora dela (EACEA), EACEA.A Corpo de Solidariedade da Unión Europea. O acordo de subvención (Convenio Grant Agreement-101060311-Xacobeando) foi asinado coa Comisión Europea o 25 de maio de 2022.

A necesidade da posta en marcha deste proxecto Xacobeando baséase no incremento constante de peregrinos que realizan o Camiño de Santiago e que con motivo do Ano Santo Xacobeo, acudirán persoas de todas as nacionalidades do mundo. Aproveitarase a solidariedade presente no Camiño para dar visibilidade ao Corpo Europeo de Solidariedade como iniciativa da Unión Europea que ofrece oportunidades de participación en actividades solidarias e aos proxectos de voluntariado europeos que formen parte da dita iniciativa, así como difundir o referido Corpo Europeo de Solidariedade entre os mozos e mozas das zonas por onde discorre o camiño, xeralmente zonas rurais con pouca representación e información sobre programas europeos.

Ademais de fomentar a perspectiva de sostibilidade e inclusión, o dito proxecto Xacobeando achegará un valor engadido europeo incluíndo actividades de concienciación ambiental, posta en valor do patrimonio cultural e natural, acompañamento e integración de grupos de persoas con necesidades especiais.

Sexto.- Que, para o financiamento deste proxecto, a Axencia Executiva Europea de Educación e Cultura (EACEA), EACEA.A Corpo de Solidariedade da Unión Europea, outorga á agora Consellería de Política Social e Xuventude, como entidade solicitante, unha subvención de trescentos seis mil oitocentos euros (306.800,00€) como así consta no referido acordo asinado o 25 de maio de 2022.





En consecuencia, é de aplicación o disposto no Regulamento (UE) 2021/888 do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de maio de 2021, polo que se establece o Programa do Corpo Europeo de Solidariedade e se derrogan os Regulamentos (UE) 2018/1475 e (UE) 375/201; o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018 sobre as normas financeiras aplicables a orzamento xeral da Unión; Regulamento (UE, Euratom) 883/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de setembro de 2013, relativo ás investigacións efectuadas pola Oficina Europea de Loita contra o Fraude (OLAF); o Regulamento (CE, Euratom) nº 2988/95 do Consello, do 18 de decembro de 1995, relativo a protección dos intereses financeiros das comunidades europeas; o Regulamento (Euratom, CE) 2185/96 do Consello, do 11 de novembro de 1996, relativo aos controis e verificacións in situ que realiza a Comisión para a protección dos intereses financeiros das comunidades europeas contra os fraudes e irregularidades; o Regulamento (UE) 2017/1939 do Consello, do 12 de outubro de 2017, polo que se establece unha cooperación reforzada para a creación da Fiscalía Europea; e a Directiva (UE) 2017/1371 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2017, sobre a loita contra o fraude que afecta aos intereses financeiros da Unión.

Sétimo.- Que, en virtude do disposto no acordo de subvención asinado coa Comisión Europea o 25 de maio de 2022, a entidade solicitante (a agora Consellería de Política Social e Xuventude) recibirá o importe total da axuda concedida, pero deberá asinar acordos privados e transferir crédito a outras entidades participantes para a realización das actividades previstas no marco do proxecto, figurando a Escola de Tempo libre Don Bosco como entidade beneficiaria.

Así, faise necesaria a subscripción deste convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Escola de Tempo Libre Don Bosco co obxectivo de garantir o financiamento e o desenvolvemento das actividades a realizar por esta última de xeito gratuíto e sen ánimo de lucro, de acordo co previsto na solicitude





presentada á Comisión Europea, no que consta como entidade beneficiaria do país de acollida do proxecto Xacobeando.

Oitavo.- Que, ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acredítanse razóns de interese público, social e económico para a subscripción deste convenio:

A Escola de Tempo Libre Don Bosco beneficiaria do proxecto Xacobeando, ten unha ampla experiencia en proxectos de voluntariado do Corpo Europeo de Solidariedade e Servizo de Voluntariado Europeo, a nivel individual e de equipo con múltiples países europeos, tanto como organización de acollida, de envío e coordinadora.

Esta entidade, conta coa capacidade profesional e operativa acreditada coa certificación *Selo de calidade* para levar a cabo actividades solidarias de gran calidade de conformidade cos principios, obxectivos e normas de calidade do Corpo Europeo de Solidariedade, condición previa para participar en actividades de voluntariado.

E por último, a Escola de Tempo Libre Don Bosco, como beneficiaria do proxecto presentado á Axencia Executiva Europea de Educación e Cultura (EACEA), EACEA.A Corpo de Solidariedade da Unión Europea, asumirá as tarefas de coordinación dos diferentes equipos de voluntarios; realizará a asignación de persoas supervisoras e titoras para acompañar aos equipos; o seguimento e proceso de aprendizaxe; e a xestión da organización das actividades antes, durante e despois da acollida das persoas voluntarias participantes.

Por todo o exposto, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes:



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

1. O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Escola de Tempo Libre Don Bosco para o desenvolvemento das actividades asignadas a esta última no marco do proxecto Xacobeando, financiado pola Axencia Executiva Europea de Educación e Cultura (EACEA), EACEA.A Corpo de Solidariedade da Unión Europea, para equipos de voluntariado en áreas de alta prioridade, a través da concesión directa dunha subvención.

2. O obxectivo do proxecto é acoller a un máximo de 80 persoas voluntarias en distintas datas entre xuño e outubro de 2022, para realizar catro bloques de actividades:

- Camiño Inclusivo: acompañamento de grupos con necesidades especiais
- Camiño sostible: actividades de concienciación ambiental
- Camiño dixital: creación de recursos dixitais sobre experiencias no Camiño
- Camiño seguro: accións de información e concienciación de medidas anti Covid-19.

Cada bloque de actividades centrarase en dúas das sete rutas principais do Camiño de Santiago: Camiño Francés, Ruta Mar de Arousa e Río Ulla, Vía da Prata, Camiño Portugués, Camiño Inglés, Camiño de Inverno e Camiño Primitivo.

Os equipos de voluntarios e voluntarias serán dun mínimo de 5 participantes e terán a súa sede en ata dúas localizacións da ruta correspondente.

Deste xeito, no mesmo período de actividade contarase con a lo menos 20 persoas voluntarias repartidas en equipos de cinco voluntarios en catro poboacións nos bloques.





O labor principal das persoas voluntarias será servir de apoio para impulsar o Camiño como ruta inclusiva, ecoloxicamente sostible e accesible.

As persoas voluntarias realizarán actividades de sensibilización, a través dun manual dixital de boas prácticas medioambientais, limpeza e detección de obstáculos nalgúns tramos do Camiño e apoio as persoas con dificultades (físicas ou intelectuais), do que se beneficiarán principalmente as persoas peregrinas.

3. Para levar a cabo este proxecto a Escola de Tempo Libre Don Bosco contará coa participación, ademais, de entidades de envío de persoas voluntarias de diferentes países europeos (Lituania, Letonia, Estonia, Italia, Portugal, Grecia e Eslovaquia). En concreto, no acordo asinado coa Comisión Europea figuran como organizacións de apoio para o envío de persoas voluntarias:

Socialinis veiksma (Lituania)

Esi Labs! (Letonia)

Joint (Italia)

Mittetulundusühing Involved (Estonia)

Proatlantico (Portugal)

Hellenic Youth Participation (Grecia)

Mladiinfo Dolný Kubín (Eslovaquia)

Asociación Mundus (España)

Segunda.- Actividades a desenvolver no proxecto

Para a consecución dos ditos obxectivos, a Escola de Tempo Libre Don Bosco desenvolverá as seguintes actividades:

- **Apoio aos voluntarios:**



- Seleccionar as persoas candidatas voluntarias inscritas no portal do Corpo Europeo de Solidariedade en colaboración coas organizacións de apoio nos países de envío anteriormente mencionadas: os mozos e mozas interesados en participar nun proxecto do Corpo Europeo de Solidariedade deben inscribirse nunha base de datos onde especifican o seu perfil e preferencias, como requisito imprescindible para participar neste proxecto.
 - Garantir a sinatura do acordo de voluntariado coas organizacións de apoio nos países de envío anteriormente mencionadas, que inclúa o compoñente de aprendizaxe e formación.
 - Xestión dos trámites relacionados coa tramitación de visados ou documentos de residencia, vacinas e seguros.
 - Xestión das viaxes das persoas voluntarias para a súa incorporación á actividade e de regreso aos seus lugares de orixe.
 - Xestión da contribución para gastos persoais adicionais dos voluntarios (diñeiro de peto).
- **Apoio organizativo:**
 - Xestión do aloxamento e a mantenza das persoas voluntarias.
 - Xestión dos desprazamentos locais das persoas voluntarias.
 - Axudar as/os voluntarias e voluntarios a cubrir o Youthpass e preparar con eles a difusión do proxecto nos países de orixe.
 - Organizar a formación dos voluntarios e voluntarias e as súas actividades de voluntariado.
 - Manter contacto periódico coas organizacións de apoio dos países de envío para informarlles das actividades de do aprendizaxe das persoas voluntarias.
 - Xestionar os contratos das persoas coordinadoras, titoras e formadoras.



- Manter reunións periódicas coas persoas titoras asignadas as/os voluntarios/as (semanais, quincenais e mensuais).
- Manter reunións periódicas coas persoas voluntarias, coordinadores/as e responsables da organización para valorar o desenvolvemento das actividades e a consecución de aprendizaxe prevista para os/as voluntarios/as.
- Elaborar o informe final do proxecto e volcar esta información na aplicación europea Mobility Tool.

Terceira.- Financiamento

1. Para o desenvolvemento das actividades da Escola de Tempo Libre Don Bosco, a Consellería de Política Social e Xuventude, achegará a cantidade de douscentos corenta e un mil trescentos dez euros (241.310 €), con cargo a partida orzamentaria 13.06.312F.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Esta subvención, correspondente ás actividades a realizar pola Escola de Tempo Libre Don Bosco no proxecto Xacobeando, está financiada pola Axencia Executiva Europea de Educación e Cultura (EACEA), EACEA.A Corpo de Solidariedade da Unión Europea.

2. Esta axuda é incompatible con calquera axuda e subvención concedida para o mesmo proxecto e finalidade polas distintas administracións públicas competentes ou entes públicos.

Cuarta.-Gastos subvencionables

1. Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para o





desenvolvemento do proxecto. En ningún caso o custo de adquisición dos elementos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

2. De acordo co Regulamento (UE) 2021/888 do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de maio de 2021, polo que se establece o programa do Corpo Europeo de Solidariedade, o financiamento deste proxecto baséase en escalas de custes unitarios de acordo co seguinte cadro:

Custos subvencionables		Mecanismo de financiamento	Importe	Regra de asignación
Apoio aos voluntarios	Contribución aos custos de viaxe e custos excepcionais como: visados e vacinas, seguro persoal, permisos de residencia, certificados médicos e contribución aos gastos persoais adicionais.	Contribución sobre a base de custos unitarios	23 EUR por día e voluntario	En función da duración da actividade de voluntariado en equipo(se fose preciso, incluído tamén un día de viaxe antes da actividade e outro despois dela) por voluntario, incluídos os acompañantes
Apoio organizativo	Contribución aos custos de xestión: (planificación, financiamento, coordinación e comunicación entre socios, custos administrativos) e aos custos directamente vinculados á execución de actividades de voluntariado (preparación, seguimento e apoio dos participantes, validación dos resultados de aprendizaxe), así como aos custos de estancia dos participantes (alimentación, aloxamento e transporte local). Contribución aos custos das actividades complementarias.	Contribución sobre a base dos custos unitarios	37 EUR por día e voluntario	En función da duración da actividade de voluntariado en equipo(se fose preciso, incluído tamén un día de viaxe antes da actividade e outro despois dela) por voluntario, incluídos os acompañantes





Custos subvencionables		Mecanismo de financiamento	Importe	Regra de asignación
Apoio á inclusión social	Contribución aos custos derivados do apoio ás persoas voluntarias con menos oportunidades (condicións de exclusión social)	Contribución sobre a base dos custos unitarios	20 EUR por día e voluntario	En función dos días dedicados polos voluntarios/as con menos oportunidades ás actividades de voluntariado

3. O período de elixibilidade dos gastos previstos no proxecto a subvencionara a través deste convenio abrangue desde a data de inicio do dito proxecto establecida no acordo de subvención asinado coa Comisión Europea o 25 de maio de 2022, isto é, o 1 de xuño de 2022, ata o 15 de decembro de 2022.

Quinta.- Xustificación e pagamento

1. A xustificación da axuda realizarase de conformidade co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O pagamento da axuda realizarase do seguinte xeito:

a) Anticipo:

Unha vez asinado o convenio, a Escola de Tempo Libre Don Bosco poderá solicitar expresamente o anticipo de ata o 80% do importe concedido.

Xunto coa solicitude de anticipo presentará a seguinte documentación:



1º Certificado do órgano responsable da Escola de Tempo Libre Don Bosco relativo as actividades subvencionables iniciadas.

2º Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade de Galicia, ou certificados dos órganos emisores.

b) Xustificación final:

A Escola de Tempo Libre Don Bosco disporá ata o 15 de decembro de 2022 presentar a xustificación e liquidación da axuda concedida.

Unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación das actividades obxecto da axuda procederase ao pagamento do 20% restante da axuda.

Xunto a solicitude de pago final presentará a seguinte documentación:

1º Memoria descritiva das actividades realizadas e da execución de actividade.

2º Follas comprensivas e acreditativas dos días de estancia de cada persoa voluntaria, debidamente asinadas.

3º Se é o caso, documentación acreditativa das condicións das persoas voluntarias con apoio á inclusión social.

4º Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade de Galicia, ou certificados dos órganos emisores.





5º Declaración das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.

3. De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 63.2, 67 do dito decreto, quedan exonerados da constitución de garantías "os beneficiarios de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, Transferencias correntes, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro".

Sexta.-Obrigas

A Escola de Tempo Libre Don Bosco ademais das establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, estará suxeito ás seguintes obrigas:

- a) O cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, incluído o de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- b) O cumprimento das normas do programa establecidas no Regulamento (UE) 2021/888 do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de maio de 2021.
- c) Realizar as actividades para as que se concede a subvención, de conformidade co proxecto que se determina.



d) Acondicionar e dotar as instalacións de xeito que reúnan as condicións de seguridade e saúde laboral que permitan o normal desenvolvemento das actividades formativas desde o inicio do proxecto.

e) Satisfacer, ao seu vencemento, as obrigas económicas que deriven do funcionamento do proxecto subvencionado, especialmente as de carácter salarial, con independencia de que se percibise con anterioridade a subvención concedida.

f) Garantir o cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no deseño e desenvolvemento do proxecto.

g) Comunicarlle ao órgano que concede a subvención calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

h) Respetar as normas de elixibilidade do gasto financiado polo Corpo Europeo de Solidariedade reguladas no Regulamento (UE) 2021/888 do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de maio de 2021.

i) Asegurarse de que os gastos declarados son conformes coas normas aplicables, no seu caso, e que non existe dobre financiamento do gasto con outros réximes comunitarios ou nacionais así como con outros períodos de programación do Corpo Europeo de Solidariedade.

k) Manter un sistema de contabilidade diferenciado para todas as transaccións relacionadas con esta operación, contando, polo menos, cun código contable adecuado que permita identificar claramente ditas transaccións e a súa trazabilidade.





l) Someterse ás actuacións de comprobación efectuadas pola Consellería de Política Social e Xuventude, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Consello de Contas, así como do Tribunal de Contas, ás relativas ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión e seguimento do Corpo Europeo de Solidariedade.

Sétima.- Vixencia

A vixencia do presente convenio de colaboración estenderase desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022. No entanto, abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola Escola de Tempo Libre Don Bosco desde a data de inicio do proxecto establecida no acordo de subvención asinado coa Comisión Europea o 25 de maio de 2022, isto é, o 1 de xuño de 2022.

Oitava.- Causas de resolución, modificación e denuncia.

1. O incumprimento total ou parcial por parte da Escola de Tempo Libre Don Bosco das obrigas establecidas neste convenio así como na demais normativa aplicable e, con carácter xeral, nas axudas e subvencións públicas que se outorguen con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia orixinará, o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas en concepto de axuda máis os xuros de demora nas condicións e, de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

De conformidade co artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe que se reintegrará determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación dos





posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión da subvención:

a) Incumprimento das condicións exixidas para a concesión da subvención: reintegro do 100% sobre o gasto subvencionado.

b) Non realizar a actividade, ou adoitar un comportamento contrario ao que fundamenta a concesión da subvención: reintegro do 100% sobre o gasto subvencionado.

c) Incumprimento das obrigas de presentación de documentación exixida para a xustificación dos gastos: no caso de que non se presente ningunha documentación procederá o reintegro do 10% sobre o gasto subvencionado e, no suposto de presentación de parte da documentación exixida ou de que a documentación presentada sexa incorrecta, o importe que se reintegrará será proporcional ao gasto non xustificado.

d) Incumprimento das obrigas en materia de publicidade establecidas neste convenio: reintegro do 2% sobre o gasto subvencionado.

e) Incumprimento da obriga de mantemento dun sistema de contabilidade separada ou unha codificación contable adecuada establecida na cláusula sexta deste convenio: reintegro do 2% sobre o gasto subvencionado.

f) Incumprimento da obriga de manter unha pista de auditoría suficiente establecida na cláusula sexta deste convenio: reintegro do 2% sobre o gasto subvencionado.



2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación do presente convenio.

A obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse á Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación tan pronto como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente documentación xustificativa das accións realizadas.

3. Igualmente, poderán ser causas de resolución deste convenio as establecidas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Novena.- Comisión de seguimento e control

Constitúese unha comisión de seguimento e control, que levará a cabo o seguimento do presente convenio e resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan presentar.

A comisión estará composta por ata un máximo de 2 representantes designados paritariamente por cada unha das entidades asinantes do convenio. A referida comisión estará presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, ou persoa que a substitúa de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

Actuará como secretario/a un persoa funcionaria da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, nomeada pola persoa titular da Dirección Xeral de





Xuventude, Participación e Voluntariado, así como a persoa que a substitúa, con voz e sen voto.

A comisión considerárase o mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio, aos efectos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima.- Relacións contractuais ou laborais

A subscrición do convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas profesionais e empregadas de Escola de Tempo Libre Don Bosco que desenvolvan as actividades programadas e a Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia.

Décimo primeira.- Obrigas de publicidade

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.



De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións:

Décimo segunda.- Información básica sobre protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aso que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 de Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá ao abeiro da normativa de protección de datos persoais.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus





procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de dar a publicidade esixida ao convenio, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito no presente convenio a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou, presencialmente, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Décimo terceira.-Transparencia e bo goberno

Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a Escola de Tempo Libre Don Bosco deberá subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Décimo cuarta.- Lexislación aplicable e xurisdición competente





Este convenio terá carácter administrativo, rexendo os seus efectos polo establecido nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan xurdir, así como no que lle sexa aplicable polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, e demais normas de aplicación.

Igualmente, é de aplicación o disposto no Regulamento (UE) 2021/888 do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de maio de 2021, polo que se establece o programa do Corpo Europeo de Solidariedade (CES) e se derrogan os Regulamentos (UE) 2018/1475 e (UE) 375/201; o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018 sobre as normas financeiras aplicables a orzamento xeral da Unión; Regulamento (UE, Euratom) 883/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de setembro de 2013, relativo ás investigacións efectuadas pola Oficina Europea de Loita contra o Fraude (OLAF); o Regulamento (CE, Euratom) nº 2988/95 do Consello, do 18 de decembro de 1995, relativo a protección dos intereses financeiros das comunidades europeas; o Regulamento (Euratom, CE) 2185/96 do Consello, do 11 de novembro de 1996, relativo aos controis e verificacións in situ que realiza a Comisión para a protección dos intereses financeiros das comunidades europeas contra os fraudes e irregularidades; o Regulamento (UE) 2017/1939 do Consello, do 12 de outubro de 2017, polo que se establece unha cooperación reforzada para a creación da Fiscalía Europea; e a Directiva (UE) 2017/1371 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2017, sobre a loita contra o fraude que afecta aos intereses financeiros da Unión.





As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio de colaboración serán resoltas pola conselleira de Política Social e Xuventude, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, que poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditara no prazo dun (1) mes segundo o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso administrativo, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo. Para estes efectos o Tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio de colaboración por triplicado exemplar no lugar e data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e
Xuventude
A conselleira,

Asdo.: Fabiola García Martínez

Pola Escola de Tempo Libre Don Bosco
O director
(Escritura de apoderamento nº 32 do
4/01/2019)

Asdo.: Xesús María Vilas Otero

